



**JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO, PADAGOGO**

## "Integrar os menores tutelados require discriminación positiva"

**29.03.2009** Tras once anos, o programa Mentor avanza na inserción sociolaboral destes mozos, pero queda moito. Elas téñeno peor e precísase ampliar o seguimento dos rapaces ó acadar a maioría de idade legal pero non social

M.J. CEBRO . SANTIAGO

José Manuel Suárez Sandomingo, presidente da Asociación Profesional de pedagogos e pedagogas de Galicia, acaba de defender a súa tese de doutoramento A inserción sociolaboral dos mozos tutelados. O programa Mentor de Galicia. Unha promenorizada análise do programa posto en marcha no 1998 promovido pola daquela Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

### **Como xurdiu o programa Mentor?**

O programa Mentor, iniciático en Galicia e copiado logo por outras comunidades, que mesmo o ampliaron, partiu da premisa de que os servizos normalizados de formación e inserción non eran suficientes para axudar a superar con éxito a fase de transición entre a vida institucional e a vida autónoma do menor tutelado cando ó cumprir a maioría de idade abandona os centros, polo que propuxo a implantación doutros axentes intermedidadores que os puidesen acompañar durante ese período de transición, desde que acaban a escolaridade obrigatoria ós 16 anos ata os 18, cando coa maioría de idade abandonas os centro de tutelaxe. Unha fórmula de discriminación positiva.

### **Cal é o balance destes once anos?**

Facilitou a contratación dos menores axilizando os trámites, simplificando os contactos coas empresas, adecuando o perfil dos menores á demanda laboral...En definitiva, permitiu actuar de forma sistemática sobre os mozos en idade laboral, supoñendo un pilar dentro da intervención socioeducativa cos menores e un dos factores de maior relevancia á hora de favorecer a súa integración social e persoal.

### **Cantos rapaces hai acollidos ó programa?**

Temos 150 mozos de entre 16 e 18 anos.

### **Que tipo de empresas integran os mozos tutelados?**

No caso dos mozos, a construción supuxo 16 dos 38 contratos, seguida da hostalería e da electricidade. Nas rapazas, o principal nicho de contratación é a hostalería, que supuxo 7 de 15 contratos, seguido do comercio, a alimentación, a perruquería e a xardinería.

### **Teñen as mesmas oportunidades mozos e mozas?**

Un 57,1 % dos mozos e o 40,9% das mozas do Mentor tiveron un primeiro emprego. Dos 24 mozos contratados inicialmente, 10 asinaron un segundo contrato e 4 un terceiro. Das 9 rapazas contratadas inicialmente, 5 pasaron a referendar un segundo contrato e só 1 un terceiro.

### **Que tipo de contratos acadan?**

Tamén aquí hai discriminación por sexo. Así, 1 de cada 7 empregos conseguidos por rapaces e a metade dos das mozas non tiveron contratos. Os mozos asinaron contratos de aprendizaxe ou temporais a xornada completa. As mozas quedaron limitadas a contratos temporais a xornada completa (4) ou de aprendizaxe (2). Os mozos melloran, dalgún xeito, cando pasan dun primeiro a un segundo contrato e aínda a un terceiro, mentres que dúas mozas manteñen emprego sen contrato na segunda contratación e unha mesmo na terceira.

### **Cal é a percepción destes mozos da súa situación laboral?**

De 23 mozos, a 17 gustáballes o emprego e a 3 desgustáballes. O resto non contestou. Entre as súas contrariedades mencionaron as limitacións intelectuais, formativas ou físicas, facer as cousas ben, as económicas e o horario. Cambiarían de traballo por ambición, as relacións laborais ou o salario.

### **Que fai Mentor para vencer a resistencia á contratación?**

Informar os empresarios sobre as vantaxes laborais e fiscais que tería ó contratar un mozo Mentor, buscarlle o menor que reunise o perfil máis adecuado ó posto e destacar os aspectos positivos do candidato. Amais de sensibilizar ante a necesidade de apoiar estes mozos. Amais, Mentor fai o seguimento do menor no proceso de inserción e apoialo en caso de que o menor presente algún problema.

**Que sucede unha vez que o menor acada a maioría de idade legal e abandona a tutela?**

No momento da avaliación do Programa non había ningunha estratexia definida sobre o seguimento dos menores desinstitucionalizados. Os educadores e técnicos só se relacionan de maneira esporádica con algúns. Esta é unha das maiores eivas do programa, que noutras comunidades, como Andalucía, están superando coa creación dun observatorio para facer un seguimento e apoio a estes mozos cando deixan os centros de tutela.